



Alonso Araujo, Marcos M.  
Alonso Carrera, Jaime  
Álvarez Moreira, José Ángel  
Álvarez Sánchez, Susana  
Arévalo Tomé, Raquel  
Badaoui Fernández, Aida  
Báez Montero, Inmaculada.C.  
Barbeito Lorenzo, Eladio  
Barral Puga, Bastián  
Basalo Domínguez, David  
Benitez González, Julio  
Bernal Gómez, Rosa  
Blanco Pesqueira, Antonia  
Cabeza Pereiro, M<sup>a</sup> Carmen  
Calvo Mallo, Iria  
Calvo Rapado, José M<sup>a</sup>  
Carballo-Calero Ramos, M<sup>a</sup> Victoria  
Chamorro Rivas, José María  
Cid Fernández, Xose Manuel  
Cid Samamed, Antonio  
Cifuentes García, Ángel  
Corbacho Rosas, Eusebio  
Corbacho Suso, Patricia  
De La Torre Fraga, Daniel  
Díaz De Bustamante, Jaime  
Do Campo Lamas, Xenxo  
Docampo Amoedo, Domingo  
Doforno Cid, Ana Belén  
Domínguez Santiago, M<sup>a</sup> De Los Ángeles  
Durany Castrillo, José  
Estévez Toranzo, Margarita  
Fernández Fernández, Federico  
Fernández Iglesias, Manuel José  
Fernández Sobrino, Ramón A.  
Filgueira Pérez, Ángeles  
Fraiz Brea, José Antonio  
Freitas Ambroa, Mónica  
García Vázquez, José Manuel  
Garrido Bernárdez, Rubén  
Garrido González, Josefa  
Gil Rodríguez, Elena  
Gil Villanueva, José M<sup>a</sup>  
Gómez Gude, Jorge Juan  
Gómez Reboiro, José Luis  
González Cespón, José Luis  
González Crespán, M<sup>a</sup> Araceli  
González Dieguez, Horacio  
González Novas, Roberto  
González Piñeiro, Manuel  
González Martínez, Xosé Manuel  
Hervés Beloso, Juan Pablo  
Iglesias Galán, M<sup>a</sup> Hilda  
Iglesias Randulfe, M<sup>a</sup> Teresa  
Lago Teijeiro, Juan Miguel  
Lanaja Del Busto, José M.  
Legido Soto, José Luis  
Llamas Nistal, Martín  
Martín Míguez, Belén  
Martínez Lima, Serxio  
Martínez Rodríguez, María  
Mascato Rey, Eva  
Matias Fernández, José María  
Mato De La Iglesia, Salustiano  
Mazaira Castro, Andrés  
Membriela Iglesia, Pedro  
Méndez Martínez, Gonzalo  
Mosteiro Mosteiro, Laura

Acta da sesión extraordinaria do Claustro Universitario da Universidade de Vigo, convocada para o día 17 de decembro de dous mil tres, mércores, ás 09:30 horas en primeira convocatoria e ás 10:00 en segunda, no Salón de Actos da Escola Técnica Superior de Enxeñeiros de Telecomunicación da Universidade de Vigo.

O mércores, **día 17 de decembro de 2003**, ás 10:40 horas, deu comezo a sesión extraordinaria do Claustro Universitario co obxecto de tratar a seguinte Orde do día:

**Punto 1:** Informe anual do Reitor en cumprimento do artigo 61 dos estatutos da Universidade de Vigo.

**Punto 2:** Aprobación, se procede, dunha moción sobre o anteproxecto da Lei xeral do sistema universitario de Galicia.

**Punto 3:** Elección para cubrir as seguintes vacantes nas comisións encargadas da elaboración dos Regulamentos do Claustro :

Comisión nº1 (Regulamento de réxime económico e contratación e Regulamento de PAS): 4 estudantes.

Comisión nº 4 (Regulamento de Investigación, desenvolvemento e transferencia e Regulamento de Institutos Universitarios): 1 estudante.

Comisión nº 5 (Regulamento de Centros e Regulamento de Departamentos): 1 PDI – Sector B.

O Reitor informa de que no sorteo da mesa para a orde das intervencións saíu a letra E.

Así mesmo informa de que no punto 1 pasa a presidir o Claustro o profesor Ramos Cabrer e que no punto 3, ao non haber candidaturas presentadas, non haberá eleccións.

Nombela Castaño, Miguel Ángel  
Orche García, Enrique  
Otero Camiña, José Luciano  
Pajares Domínguez, Sergio  
Palacio Sánchez, Xosé Antón  
Palanca González, Mercedes  
Pastrana Castro, Lorenzo Miguel  
Pazó Martínez, M<sup>a</sup> Consuelo  
Pérez Guerra, Javier  
Pita Grandal, Ana M<sup>a</sup>  
Prada Blanco, Albino  
Ramos Cabrer, Manuel  
Rey Estraviz, Adrián  
Rivas Conde, Filemón  
Rodríguez Fuentes, Gustavo  
Rodríguez González, Roberto  
Rodríguez Otero, Pablo Antonio  
Rodríguez Seoane, María Pilar  
Sánchez Bermúdez, Ángel  
Sanromán Braga, María De Los Ángeles  
Santos García, José Santiago  
Seoane Pampin-Montenegro, Anselmo  
Simal Gándara, Jesús  
Suárez Pazos, Mercedes  
Surís Regueiro, Juan C.  
Taboada Castro, Javier  
Tojo Suárez, M<sup>a</sup> De La Concepción  
Tojo Suárez, José E.  
Tomás Vizcaino, Guillermo  
Torres López, Silvia  
Troncoso Durán, Dolores  
Vaamonde Liste, Antonio  
Valero Gutiérrez Del Olmo, Enrique  
Vaquero Díaz, M<sup>a</sup> Beatriz  
Vasallo Barrueco, Alberto  
Vázquez López, Ezequiel M.  
Vázquez Nuñez, Fernando Antonio  
Vera Isasa, María  
Vicerrector De Planificación  
Villaverde Creo, Miguel Anxo

#### **Desculpan asistencia**

Míguez Gálvez, Luis  
Reigosa Roger, Manuel J.  
Rey García, Daniel  
Sánchez Bello, Patricio

**Punto 1.-** Informe anual do Reitor en cumprimento do artigo 61 dos estatutos da Universidade de Vigo.

O Reitor Presenta o informe anual, a intervención recóllese no Anexo I.

Ao remate ábrese unha quenda de palabra. Intervén en primeiro lugar o profesor Tojo, en nome de Nova Universidade e di que, ao contrario da análise triunfalista da universidade feita polo Reitor, el vai facer unha análise máis rigorosa. En investigación sinala que é obvio que a nosa universidade aumentou na consecución de fondos externos pero que está concentrada en uns poucos equipos de investigación consolidados, non obstante, o número de equipos nesta universidade é aínda de 200, polo que queda moito camiño por recorrer. Considera que se debe seguir incentivando aos equipos que teñen unha produción científica elevada e que tanto a infraestrutura de investigación como a seguridade nos laboratorios é insuficiente. No CACTI hai unha ocupación non adecuada por parte de servizos administrativos e considera urxente un aumento na dotación de persoal, xa que nestes momentos hai un atraso nos servizos que presta por falta de persoal. Así mesmo indica que hai unha deficiencia importante en Institutos de investigación. Considera necesario facer un maior investimento na Biblioteca xa que ten carencias importantes.

En relación coa docencia di que falta estímulo na carreira docente e que se están resolvendo as prazas con figuras de asociado ou visitante. Sinala que un punto importante é a baixa do número de alumnos e que na demanda estudiantil inflúen principalmente dous factores: o número de alumnos que terminan o bacharelato, e a calidade a institución. Di que Nova Universidade sempre apoiará ao Reitor na reclamación ao Goberno autonómico dun maior financiamento, polo que lle pide que defenda un plano de financiamento digno para esta universidade e nese caso que vote a favor e no caso contrario que vote en contra.

Reclama de novo información precisa sobre o estado de contas de CUSA.

Contesta o Reitor e di que coincide con algúns dos diagnósticos feitos polo profesor Tojo: está de acordo en que a atomización dos grupos de investigación non é bo para a universidade. Explica que os cartos destinados á produción científica non aumentaron pero que o valor do punto diminuíu porque o número de investigadores é maior. Está de acordo en que pagar a quen ten resultados é bo pero os cartos son limitados e hai que priorizar.

En relación coa carreira docente di que aínda non hai datos suficientes de como vai ir coa LOU e que para o próximo curso imos estar en condicións de ofrecer figuras da carreira docente que non van pola vía funcionarial.

Respecto á falta de persoal no CACTI considera que se de verdade existe habería que estudialo, xa que se a institución ten uns servizos importantes terá que coidalos. Pide aos centros e departamentos que fagan propostas sobre institutos universitarios e non está seguro de que a calidade da institución sexa un factor predominante a ter en conta polo estudante á hora de elixir.

Respecto ao financiamento di que o último programa xa rematou e o que se reclama agora non é a continuación do que había, senón outro distinto. Cre que nestes momentos coa nova lei galega, se as tres universidades piden conxuntamente outro acordo do parlamento é posible conseguir algo.

Remata dicindo que as contas de CUSA preséntanse todos os anos coas contas da universidade e estas son aprobadas polo Consello de Goberno e polo Consello Social.

O Sr. Calvo Rapado intervén para queixarse pola non concesión dunhas bolsas deportivas solicitadas por parte dos estudantes e cuxo importe era mínimo comparado cos presupostos gastados noutras actividades, así mesmo manifesta o seu malestar por non ter felicitado ao equipo de judo ganador da medalla de bronce na Universiada.

O Reitor pide desculpas por ese esquecemento e reconece que tivo que haber algún fallo porque sempre envía a felicitación.

Con esta intervención remata o punto 1 da orde do día.

**Punto 2.-** Aprobación, se procede, dunha moción sobre o anteproxecto da Lei xeral do sistema universitario de Galicia.

O Reitor di que se trata de apoiar a proposta da mesa xa que isto lle permite empezar a falar deste tema.

Intervén o profesor Albino Prada a favor da proposta, xa que agora máis que nunca necesitamos competir con calidade e para isto é necesario un financiamento adecuado e di que non entende como no Título IV do anteproxecto non se asumen compromisos, criterios e obxectivos de financiamento.

Apróbase a moción presentada pola mesa por asentimento (Anexo II).

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 13:00 horas do día 17 de decembro de 2003, da que eu como Secretaria Xeral dou fe co Vº e Pr. Do Reitor.

O Reitor

A Secretaria Xeral

Domingo Docampo Amoedo

Mª Teresa Iglesias Randulfe